

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **5210 (11/PNP-000620)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar as consecuencias económicas da execución das obras de dragaxe da ría do Burgo para o sector marisqueiro e para a confraría da Coruña

Emenda de Substitución:

Débese substituír a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dispoñer 100.000 euros de fondos do orzamento para 2021 de cara a artellar un Plan Social para paliar as perdas que o colectivo de persoas mariscadoras da ría do Burgo sufra pola falla de actividade durante a execución da dragaxe da ría, e a demandar dos concellos ribeiregos implicados a achega de fondos en medida semellante, así como do Goberno central, ata acadar a cifra dun millón de euros.
2. Demandar do Goberno central o compromiso para que os traballos de recollida e reposición de semente sexa executado por parte das persoas mariscadoras asociadas á Confraría da Coruña, artellándose a fórmula legal de encomenda que sexa necesaria.
3. Solicitar da Universidade da Coruña a realización, uníndose á vontade de colaboración do INTECMAR, de estudos de seguimento e control da obra en relación á calidade das augas e estado final dos bancos marisqueiros”.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2020.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2020 17:40:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 03/12/2020 17:40:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar as consecuencias económicas da execución das obras de dragaxe da ría do Burgo para o sector marisqueiro e para a confraría da Coruña (11/PNC-000620, doc. núm. 5210)

Emenda de modificación

Débese modificar no punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

Onde di: “...actuacións necesarias para buscar solución á situación....”, debe dicir: “...actuacións necesarias para dar solución á situación...”.

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/12/2020 18:11:06

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/12/2020 18:11:29



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Teresa Egerique Mosquera** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **4127 (11/PNC-000483)** Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa transferencia á Xunta de Galicia das competencias para a xestión dos centros do Instituto Español de Oceanografía en Galicia.

Emenda de Substitución:

Débase substituír a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno da Xunta de Galiza a:

Previo saneamento económico e reartellamento organizativo do IEO iniciar o procedemento para o traspaso de competencias da totalidade da xestión económico administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía en Galiza para que pasen a formar parte da estrutura da propia Xunta.

Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos a que, mentres non se dea traslado ás competencias en xestión económico administrativa, se inicie un proceso de colaboración entre a Xunta de Galicia e os centros e as infraestruturas do IEO, nomeadamente para os centros e infraestruturas con sede en Galiza, na cidade da Coruña e na cidade de Vigo, para seren xestionados segundo as necesidades do sector marítimo-pesqueiro galego e da administración autonómica, e sempre en colaboración coas restantes CCAA e entidades e organismos investigadores internacionais.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2020 18:22:30

Teresa Egerique Mosquera na data 03/12/2020 18:22:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

